



CONCURSO DESEÑO DE CARTEL CABALGATA DE REIS 2018

A Concellería de Cultura do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa acorda convoca-lo Concurso do Cartel da Cabalgata de Reis 2018

BASES

1. Neste concurso poderán concorrir cantos nen@s o desexen, en idades comprendidas entre **os 7 e 11 anos**, empadronados neste municipio
2. Deberá de indicar o seguinte texto: “**venres, 5 de xaneiro ás 19:00 hs.**”
3. Só se admitirán os traballos presentados a título individual, nunca se admitirán os traballos realizados por grupos.
4. Os concursantes poderán presentar cantas obras desexen, pero soamente se premiará unha das presentadas.
5. O tamaño será de A3 (297 x 420 mm.) ou similar.
6. Os autores non poderan asinar os traballos orixinais, **poñerán o seu nome, apelidos, enderezo e un número de teléfono no reverso do cartel.**
7. Presentáranse na Concellería de Cultura, de martes a venres, en horario de **09:00 hs. a 13:00 hs.**, rematando o prazo o día **1 de decembro de 2017.**
8. O Xurado fará a selección e escollerá un cartel gañador. Así mesmo, poderá conceder si así fose necesario un accesit.
9. O dictame do xurado será inapelable.
10. Concederáse un premio único.
11. Cos traballos enviados farase unha exposición no Auditorio de Vilagarcía de Arousa, ou onde determine a organización.
12. O traballo gañador quedará en propiedade da Concellería de Cultura para a edición do material publicitario da mesma, aparecendo unha reseña do seu aut@r.
13. Os concursantes polo feito de participar, aceptan íntegramente as presentes bases.
14. A entrega do premio realizarase no día e lugar que estableza a Concellería de Cultura.